## 6-. DESENVOLVEMENTO RURAL

No Porriño, o medio rural representa gran parte do territorio, xa que non podemos olvidar que das sete parroquias que conforman o municipio, a maioría son notablemente rurais, onde se concentra a maior parte da poboación e a totalidade dos recursos naturais, ademais dunha parte significativa do noso patrimonio cultural.



O sector rural desfavorecido en moitas ocasións, provoca a falta de iniciativas empresariais que busquen aproveitar os recursos propios de cada zona para desenvolvelos sostiblemente en beneficio dos veciños e veciñas da nosa vila.

Trataremos cas distintas liñas de axuda das administracións públicas, potenciar unha zona que implique O Concello, asociacións, comunidades de montes, entidades, cooperativas e emprendedores do sector agrario e forestal.

| DESENVOLVEMENTO RURAL | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | ➢ Desenvolvemento do medio rural, fomentando o aproveitamento dos recursos propios da nosa terra, así como tamén da conservación e mantemento do patrimonio socio -cultural.<br>➢ Implantación no medio rural das novas tecnoloxías.<br>➢ Novas infraestruturas: áreas recreativas, parques ou espazos de ocio e instalacións deportivas. |
| CARACTERÍSTICAS XERAIS | ➢ Asesoramento e difusión de tódalas axudas ou bonificacións que a Concellaría de Emprego ten asignadas para a creación de novas empresas e altas como autónomos.<br>➢ Achegar as novas tecnoloxías as distintas parroquias do Concello.<br>➢ Fomentar e apoiar a través de distintas xornadas as liñas de axuda convocadas polas distintas administracións públicas enfocadas a:<br>i. Transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais.<br>ii. Fomento das razas autóctonas galegas en perigo de extinción.<br>iii. Pagamentos directos a agricultura e gandería e axudas o desenvolvemento rural para a |

| | |
|---|---|
| | utilización sustentable das terras agrícolas.<br>iv. Protección e modernización do Patrimonio Rural.<br>v. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís.<br>vi. Fomento das actividades turísticas.<br>vii. Primeira instalación de agricultores mozos e mozas<br>viii. Plans reestruturación e reconversión da viña.<br>ix. Fomento do produto da nosa terra, comercializalo e crear un mercado propio.<br>x. Implantación de TiCs e telecentros para achegar as novas tecnoloxías. |
| DESTINATARIOS | Asociacións, comunidades de montes, entidades, cooperativas, e emprendedores do sector agrario e forestal. |
| FORMA DE ACCESO | A través da Concellaría de Emprego. |
| EQUIPO | · Concellaría de Emprego<br>· Concellaría de Medio Ambiente |

| FINANCIAMENTO | · Concello do Porriño<br>· Xunta de Galicia<br>· Fondo Social Europeo |
|---|---|

